

# FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 8

MANUEL  
LUGRÍS FREIRE

LETRAS



GALLEGAS

17 - 5 - 2006



C.E.I.P. MONTEMOGOS  
BELUSO



# ÍNDICE

▪ EDITORIAL .....	2
▪ MANUEL LUGRÍS FREIRE .....	3
▪ MOZART: PEQUEÑO GRAN XENIO .....	5
▪ A PRINCESA E O PRÍNCIPE .....	9
▪ CONTOS DOS MEUS AVÓS .....	10
▪ COÑECEMOS O ROSO ENTORNO .....	14
▪ RÍOS DA COMARCA DO MORRAZO .....	22
▪ REMEDIOS NATURAIS DE BELEZA .....	24
▪ LEMBRANDO ÁS ROSAS RAIS .....	26
▪ AS MASCOTAS .....	27
▪ TRABALLOS LITERARIOS:	
○ CONTOS .....	37
○ POESÍAS .....	48
▪ CÓMIC .....	51
▪ DEPORTES .....	53
▪ PASATEMPOS .....	55
▪ MOZART .....	59
▪ INFORMACIÓN DO COLEXIO ...	64



## EDITORIAL

“Esta é a historia dun xenio  
que no pasado milenio  
facía brillar o sol  
co seu do, re, mi, fa, sol.

Foi Mozart un bebé tenro  
que veu ao mundo no inverno  
e conta quen alí estaba  
que en vez de chorar, cantaba.

Mentres os nenos de á beira  
xogaban a ser soldados  
con espadas diminutas,  
el movía a batuta.

...”

250 aniversario do nacemento de Mozart.

Este ano, como todos desde que estamos no colexio, un novo FIÁDEIRO sae á rúa na festa da celebración das Letras Galegas. Este ano está dedicado a Manuel Lugrís Freire, escritor galego e pai de Urbano Lugrís, pintor, arquitecto, poeta ... moi vinculado a Bueu, ó seu Museo Massó e á capela dos Santos Reis, deseñada por el.

Uns colaboramos nunhas cousas, outros noutras..., pero todos participamos.

Nós, os alumnos de 6º, coma sempre, encargámonos de facer a Editorial: unha especie de despedida dos que nos imos do colexio.

Quizais botaremos moitas cousas de menos, sobre todo, ós amigos que fixemos e oxalá podamos facer moitos máis na E.S.O.

Mentres estamos facendo esta Editorial estamos pensando no noso futuro. Que oxalá sexa bo para todos.

Desde aquí dicimos ¡ADEUS! e ata sempre.



## MANUEL LUGRÍS FREIRE


O 2006 é un ano especialmente relevante para a Real Academia Galega. A institución que vela pola cultura galega cumpre **cen anos**. Esta celebración non debe solapar a festa anual das letras, por iso, os membros da academia veñen de escoller un candidato que una as dúas efemérides. O Día das Letras Galegas do 2006 dedícaselle a **Manuel Lugrís Freire**, un escritor que foi, ademais de presidente, un dos membros fundadores da RAG.

### Quen é Manuel Lugrís Freire?



A vila de Sada nos tempos de Lugrís

Para os que non o coñezan, **Lugrís Freire** é un histórico galeguista, xurista, comediógrafo, poeta e agrarista, que fundou o primeiro xornal integramente en galego da emigración. Trátase de “**A Gaita Gallega**” que se editou na Habana entre os anos 1885 e 1889. Foi unha das mostras do seu fondo compromiso galeguista que manifestou durante a súa estada




en Cuba a onde emigrou con a penas 20 anos. Ao seu regreso en 1896, Lugrís, pai do afamado pintor

republicano **Urbano Lugrís**, participou en todas cantas iniciativas comprometidas coa lingua houbo no país. Foi un activo colaborador na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía, en representación do Partido galeguista. Entre os seus méritos que este ano fixeron decantarse a balanza a favor do seu nomeamento como homenaxeado no día das letras galegas do 2006, está o de ser un dos membros fundadores da propia Academia Galega. Institución da que chegou a ser presidente entre o 28 de abril do 1934 e o 20 de agosto do 1935.

### Manuel Lugrís Freire

Naceu en Sada (A Coruña) en 1863. Foi o primeiro orador que utilizou o galego nun acto público.





Participou na fundación das **Irmandades da Fala** e na redacción do Estatuto de Autonomía.

A parte fundamental da súa obra literaria é poesía: *Soidades* (1894), *Noitebras* (1901), *Versos de loita* (1919), *Ardencias* (1927) e *As Mariñas de Sada* (1928).

Tamén é unha figura destacada no rexurdimento do noso teatro, afianzando a prosa teatral, colaborando co conservatorio Nazonal de arte Galega e publicando varias pezas: *A ponte* (1903), *Minia* (1904), *Mareiras* (1904), *O pazo* (1917) e *Estadeíña* (1919).

*Contos de Asieumedre* – pseudónimo de Lugrís- é a súa colaboración á narrativa galega.

Finalmente, é o autor da primeira

gramática escrita en galego, *Gramática do idioma galego* (1922)

Morreu na Coruña en 1940.

Reproducimos o seguinte poema que Lugrís escribiu en 1918.

### CANTIGA DOS AMIGOS DA FALA

*Na fala gallega vive  
a ialma da nosa terra;  
a redención de Galicia  
nos seus acentos latexa.*

*Pobo que o seu verbo esquece  
é traidor á natureza;  
como irmáns todos falemos  
a nobre fala galega.*


*Amigos da Fala somos  
y-o amor de Galicia sea,  
xa que de todos é nai,  
que nos xunte e nos protexa.*




4º B.

## Mozart: pequeno gran xenio


Wolfgang Amadeus Mozart naceu o 28 de Xaneiro do ano 1756. en Salzburgo Austria. A súa familia era muy adiccionada á música



Os seus pais chamábanse Leopold e Anna M<sup>re</sup> e a tía irmá Kanmerl. Leopold, o pai era un bo violinista




Nannerl tocaba o clavicembalo. Toda a familia quería moito a Pimperl, o Hut an




O pequeno Wolfgang tamén lle encanta a música, sobre todo tocar o piano.



Ós cinco anos xa o  
 levan a tocar ó palacio  
 do emperador. Faino tan ben  
 que este como premio regálalle  
 un reloxo de ouro.



Os seis anos dexa o seu país  
 Austria, para viaxar a Francia  
 Alí toca no palacio de Versalles, diante  
 do rei francés, o día de Nadal.  
 Todo o mundo queda albraiado.




Despois marcha a Inglaterra e  
vai coñecer á raíña Carlota.  
Mozart toca o clavicémbalo  
mentras ela canta.  
Ó rematar a canción regálalle un brico.



Sigue viaxando por Europa.  
Con 13 anos visita Italia e coñece  
á Papa. Cando Mozart escucha tocar  
música relixiosa na Capela Sixtina,  
decide acompañar música de igrexa



## A PRINCESA E O PRÍNCIPE



Érase  
unha vez  
unha  
princesa  
moí guapa  
que vivía nun castelo.

Tódalas  
tardes, no  
castelo,  
había  
baile  
porque á  
princesiña gustáballe  
moito bailar.




Pero unha  
tarde  
despois do  
baile,  
unha  
pantasma  
entrou no  
castelo e levou á  
princesa.

A pantasma pechou  
á princesiña nunha



torre, pero un príncipe  
que pasaba por alí  
escoitou os gritos da  
princesa.

O  
príncipe  
era amigo  
dun  
dragón e  
chamouno  
que o  
subise á torre.



O dragón veu,  
levou ó príncipe ó alto  
da torre e rescatou á  
princesa.

Volveron ó castelo,  
casaron e viviron  
felices.




Texto: 1º A.  
Debuxos: Sergio 1º A

## CONTOS DOS MEUS AVÓS

### O CONGRO LOITADOR

Cando meu avó era un mocíño tiña unha dorna. Un día



estaba metendo palangre e colleu oito ou nove congros. Meu avó seguiu metendo máis palangre. Un dos palangres daba moitos tiróns, ó meu avó custáballe moito tirar polo palangre porque pesaba moito.

Meu avó estaba un pouco asustado porque xa temía o peor. O avó preparou os bicheiros porque sabía que o que ía coller era

demasiado grande. O avó empezou a meter o palangre ata que conseguiu mirar o peixe. Era un congro de vinte quilos!

O avó nunca pescara un congro tan grande.

Noel, 2º A.

Cando o meu avó tiña quince ou dezaseis anos era moí traveso, porque antes non tiñan televisión nin ordenador. El e os seus amigos divertíanse facendo travesuras.



Esta historia é unha das que máis me gusta:

Resulta que un día, hai moitos anos, o meu avó e os seus amigos estaban en Bueu. Ían mercar unha pelota. Cando estaban na tenda, o tendeiro díxolles que as pelotas custaban dez pesetas, xa que naqueles tempos non había euros como agora, pero resultou que só tiñan nove pesetas e o tendeiro non lles vendeu a pelota. Entón eles saíron da tenda moi enfadados, e, cando xa se estaban afastando colleron unha pedra e lla tiraron ó escaparate. As pelotas que estaban alí foron rodando pola rúa, entón, o meu avó e os seus amigos as colleron.

Álvaro, 2º A.

Un día dúas señoras foron xunto a



unha “meiga” para coídar-se. Ela díxolle ás dúas que estaban ben, pero que o que estaba mal era o chofer que as levará a xunto dela.

Unha das señoras díxolle á “meiga” que o chofer estaba san, que pronto saíría para o mar para dar unha marea de seis meses.

Ela lle contestou que estaría pronto de volta na casa. Así foi, saíu para o mar e ós dez días estaba na casa por un “cólico renal”.

Así que...”habelas hãilas”. Yoel, 2º A.



## A MIÑA AVOA

A miña avoa chámase Carme Álvarez López. Cando era cativa non puído ir ó colexio. Tiña que traballar moito, tiña que levar o gando e as ovellas ó monte e para iso tiñase que erguer moí cedo.

Un día cando ía traballar atopou cun xabarán que andaba no medio do millo. Ela asustouse e pegou a correr sen que o xabarán lle fixera nada. Cando chegou á casa contóullelo a meus bisavós e díxéronlle que andívese con coídadado.

Laura, 2º A.

## AGOSTO DE 1958

Un día a miña avoa foi aprender a

coser. Ía acompañada por unhas atadeiras.

Un día as atadeiras non foron e a avoa tivo que ir soa. Ó pasar por A Chadíza, uns nenos lle



tiraron pedras. Unhas veciñas que pasaban por alí a levaron ó médico. O médico a curou.

Despois avisaron á Garda Civil. A Garda Civil foi á casa dos nenos. O maior escondeuse debaixo da cama. A Garda Civil falou cos pais e estes lle puxeron un castigo.

Vera, 2º A.



Cando a miña avoa tiña quince anos, polas mañás tiña que tirar o leite a tres vacas, e despois ía para a finca a traballar. Ás doce da mañá ía para casa, collía as vacas e as levaba ó campo a pastar mentres a mamá lle facía a comida.

Pola tarde volvía ir coas vacas ata a noitiña.

Bení, 2º A.

Antes a vida era moí dura. Os nenos non podían ir ó colexio, tiñan que



traballar desde  
pequenos, por iso,

moitos non sabían ler nin escribir.

As familias eran moí numerosas, tiñan de seis a oito fillos, por iso tiñan que traballar desde moí pequenos para poder comer.

Jose, 2º A.

Nos tempos de antes íase pescar en dornas a Illa de Ons o polvo e máis os centolos.


O polvo pescábase cunha arte de pesca chamada "raña", e os centolos pescábanse mirando ó fondo cun caixón e un cristal chamado "espello".

Os centolos pescábanse cun "gancho".

Cielo, 2º A.



## COÑECEMOS O NOSO ENTORNO



### OS PEIXES


Hai moitos animais no mundo, pero nós imos falar dos peixes. Hai peixes de auga doce e auga salgada. Os peixes de auga doce viven nas charcas, nas lagoas, nos riachos e nos ríos con moitas clases de plantas e tamén con insectos, réptiles e anfíbios. Exemplos deste tipo de peixes son: o barbo, a troita, a carpa, o salmón...

Os peixes de auga salgada viven no mar con cetáceos, moluscos, algas e corais. Para protexerse dos seus inimigos, os peixes camúflanse adoptando a cor da area, das rochas e dos reflexos do sol na auga. Algúns viven en bancos formados por

miles de peixes e outros son máis solitarios.

Exemplos de peixes que viven con outras especies son: o atún, a sardiña, o mexillón, estrela de mar...

Os peixes teñen unha aleta dorsal que serve para nadar en li-



ña recta. A aleta pectoral serve para marca-lo rumbo, avanzan facendo ondear a cola ou a aleta caudal.

As escamas esvaran na auga. Os ollos non teñen pálpebras e teñen un focíño para cheirar. Para respirar teñen que tragar auga constantemente (a auga pasa polas galadas, que reteñen osíxeno e despois a auga volve saír polas galadas). Roberto Pastoriza e Iria Rosas 2º B.

## A AGUIA REAL

A Águia Real habita de forma natural na maior parte dos siste-




mas montañosos europeos, desprazándose aos vales próximos só para a caza. Ela e o lobo constitúen os principais depredadores das montañas ibéricas, xogando un importante papel co control das poboacións das outras especies.

Durante a caza pode voar a curta distancia do solo, sorteando os obstáculos ata achegarse sen ser vista pola súa presa. Entón déixase caer coas ás pregadas cara arriba e as gadoupas por diante para aterrar e, así, darlle morte co peteiro á súa presa. En ocasións consumen a presa no

mesmo momento da captura, pero máis frecuentemente trasládana as proximidades do niño.

A Águia Real é un ave extraordinariamente territorial e cando chega a época do celo marca o seu territorio voando en círculos e efectuando frecuentes picados. En Asturias, o celo prodúcese no mes de febreiro e menos frecuentemente en marzo.

A poboación española da Águia Real sufriu un forte descenso de poboación dende o pasado século. As causas de dita regresión hai que buscalas na persecución a que foi sometida por parte dos gandeiros e cazadores. Dita persecución realizouse principalmente a través do roubo dos niños, o uso de cebos envelenados, a colección de cepos ou a caza directa. É un ave en perigo de extinción. Laura Rial e Patricia Torres 2º B.

O CAN

O can é o mellor amigo do home.

Uns cans teñen o focinho longo outros, sen embargo, teñen o focinho curto. No outro extremo do focinho teñen unha trufa húmida, é o seu nariz que ten un olfato moi fino, xa que percibe os olores moito mellor ca tí. A forma da cabeza varía en función do can o que nos refiramos.

Hai cans de diferentes tamaños. Uns teñen pelo longo, outros pelo curto, duro, liso ou rizado. Poden ter o pelo de distinta cor.

O can mentres é cachorro aliméntase do

leite da súa nai. Xa adulto, é un animal carnívoro.

O can precisa durmir moito. Cando vixía a casa ten un sono moi lixeiro e ata pode durmirse amosando os dentes. Cando asubías acude, cando ten calor saca a lingua. Encántalle xogar e tamén nadar.

O can ten unhas patas moi fortes, cada dedo acaba nunha unlla e unhas grosas almofadas que as protexen.

Sabes que os cans traballan cos homes? O San Bernardo socorre á xente perdida na montaña. Hai cans adestrados para guía-los cegos pola rúa. O can pastor leva as ovellas aos pastos e vixíaaas e protéxeas. Os cans dos esquimós átanse formando unha tralla e arrastran os trineos pola neve.

Katía Santomé 2º B.

## A OVELLA

Raza ovina galega: Agrupa animais de cor branca ben laídos, de pequeno tamaño, perfil recto e proporcións medias. Dispoñen dun vélaro de lá entrefina e explótanse principalmente para a produción de carne. En todo caso, a característica máis destacada destes ovinos é a súa elevada fecundidade (2/2 descendentes por reprodutora e ano).

Poden presentar cornos, adoptando nos machos a forma de espiral dobre. Posúen unha fronte ancha na que a parte superior adoita estar cuberta de lá e adquire a forma de moño.

En Galicia, a poboación ovina total é moi reducida, representa o


1'3% da nacional. Os censos experimentaron importantes variacións cuantitativas no transcurso dos últimos anos, con tendencia a unha diminución en todo o territorio galego.

María Nogueira 2º B.

## O CABALO

É un mamífero, da familia dos équidos, de crina e rabo longo, que se domestica facilmente. É herbívoro, xa que, o seu alimento está constituído pola forraxe verde ou seca, mesturada con cereais coma cebada, aveia, millo, etc.

A súa dentadura consta de corenta pezas: doce incisivos, catro caninos e vintecatro molares (a femia carece de caninos). Entre os incisivos e os molares existe un espacio coñecido como barra ou bocado.



O período de xestación ocupa de 330 a 350 días. Os partos son dunha soa cría e a lactación acaba coa aparición dos primeiros molares permanentes (ós seis ou nove meses). Poden vivir ata corenta anos, aínda que a súa idade media se cifra nos 30 anos.

Segundo a cor da súa pelaxe distínguense cabalos negros, brancos, alazáns, tordos, ruáns, etc., e os seus tons abranguen toda a escala de marróns e de grises.




Pódese empregar como animal de transporte agrícola ou para carne. Dos cabalos salvaxes aprovéitase tamén as crinas da gorxa e do rabo.

Susana López 2º B.

## OS ANFIBIOS

Os anfibios son animais de pel moi fina e húmida. Son chamados animais de sangue frío porque teñen o corpo frío.



A súa pel fina e húmida é rica en vasos sanguíneos e glándulas que lles permiten que a utilicen na respiración e absorción de auga. Cando están con sede arrastran o ventre na auga e a absorben pola pel. As glándulas na súa pel son de dous tipos: mucosas, que producen moco; e serosas, que producen veneno.

Tódolos anfibios producen substancias tóxicas, máis existen especies máis ou menos tóxicas. Ese veneno soamente afecta ós seres humanos se entran en

contacto con mocosas ou co sangue.

Poden ser da terra ou de auga. Os da auga respiran por branquias e os da terra por pulmóns ou pola pel. Aliméntanse de miñocas, insectos, arañas e doutros vertebrados coma anfibios e pequenos mamíferos.

Os anfibios son ovíparos porque nacen de ovos.

Rudson Sanmartín 2º B.

### AS FLORES



As plantas teñen raíz, talo e follas e, algunhas tamén teñen flores. Como nacen as plantas? Primeiro, plántase a semente,

despois saíenlle as raíces, o talo, as follas e, por último, as flores. Polas raíces absorben a auga e os sales minerais e nas follas fabrican o seu alimento gracias a acción do sol.



Nas flores tamén podemos distinguir varias partes, entre elas destacan: pétalos, sépalos, pistilo e estames.

As flores poden ser de moitas cores: amarelas, vermellas, brancas... E de moitos tamaños tamén. Hai flores que son medianas coma as papoulas, rosas...


As rosas no seu talo teñen pinchos, pero hai algunha variedade que non ten pinchos.

Hainas de moitos tipos: rosas, margaridas, caraveis, papoulas... Todas elas fan que as nosas paisaxes teñan unhas fermosas vistas.

Lucía Martínez 2º B.

## AS ROSAS

As rosas non só son perfumes. A súa diversidade de formas e cores é



o símbolo do amor, da pureza, da alegría, do trunfo, da perfección, da oración ou do sufrimento segundo o seu aspecto e, sobre todo, segundo o seu estado de ánimo de quen as contemplan.

As rosas son tamén comestibles. Os froitos da rosa caniña son ricas en vitamina C e proporciona unha riquísima marmelada. Os pétalos da rosa gallica dan un mel rosado moi axeitado para curar dun xeito agradable as molestias da boca.

Pero, sobre todo, as rosas son bonitas e os seus pétalos teñen dife-

rentes matices de cores. A súa parte nobre fan dela a flor máis buscada en todo o mundo. Esta é a razón pola que vale a pena dedicar oito e ata dez anos de traballo para producir variedades cada vez máis bonitas, elegantes, perfumadas...


Ángela Villanueva 2º B.

## A CONTAMICIÓN

As fábricas, os coches, calefaccións, avións, os barcos, os trens...son moi malos para a natureza. Contaminan a auga, o solo e o aire. Ademais, o lume está a acabar cos nosos montes e especies de animais.


COIDEMOS O NOSO ENTORNO!  
NO!

Rubén Patiño 2º B.




## RIOS DA COMARCA DO MORRAZO

A intensa fractura tectónica que caracteriza a península do Morrazo, especialmente reactivada na época terciaria, explica o trazado e compartimentos dos cursos e concas fluviais. Non se pode falar no territorio comarcal de



verdadeiros ríos porque se trata de unha península moi estreita coas zoas máis elevadas moi próximas ao mar. Considéranse torrentes e arrosos de lonxitude moi escasa, cunha media de tres quilómetros de percorrido, e moitos deles de caudal intermitente.

Son os do concello de Moaña, que verten na ría de Vigo, os de maior lonxitude e coas concas máis amplías da comarca. Destacan os ríos Miñouva, Libón, Freixa, da Fraga Inferno ou Redogrés.



Os ríos ou regatos de Cangas, de curto e escaso caudal, teñen dúas vertentes. Por unha banda están os que verten na ría de Vigo como o Saiñas, o Bouzós, o Pontillón, ou o Donón; e por outra banda, os que verten na ría de Aldán como o Vilanova, o Filas e o Orxas.

Algo semellante acontece cos ríos que pertencen ao concello de Bueu como o Nocado, que tamén verte na ría de Aldán, mais son máis abondosos os que desembocan na ría de Pontevedra como o Bispo, o Frades, o Inferno ou o río da Pedra.



Pola súa parte, no concello de Marín todos os seus ríos desembocan na ría de Pontevedra como acontece co Gorgadas ou o Loira.

O río da Miñouva merece unha especial atención. Nace a



500m. de altitude no lugar de Pedrozos, en Moaña. Baixa pola cavada de Carrasco e rega o Chan de Paradela e, tras repousar as súas augas na Poza da Moura, descende polo Verdeal formando a máis espectacular ferverza da comarca. A continuación, as súas augas acougan nos campos de Domaio para desembocar na enseada de Mouro, despois de percorrer soamente 3,8 km.



Por outra banda, o río do Ladróns, tamén coñecido como o río da Fraga, é o curso fluvial de maior lonxitude con 6,7 km. Nace no coto do Home a unha altura de 610 m., discorre polo monte Xaxán e drena os lugares da Fraga, Berducedo e Meira para desembocar na Xunqueira.



## REFRANS DE RÍOS

- ❖ O río sempre crece con augas porcas.
- ❖ Con só rocíos, non crecen os ríos.
- ❖ A río revoltó, ganancia de pescadores.
- ❖ Auga pasada, non move muíños.
- ❖ Por moito que o río corra, vai a morrer ó mar.
- ❖ A gran río, gran ponte.
- ❖ Auga turbia, non fai espello.
- ❖ Ó mellor nadador, lévao o río.
- ❖ Cando o río crece, a merda sube.



- ❖ Auga que non has de beber, deixa correr.
- ❖ Augas tranquilas, non moven muíño.

**Alumnos de 3º.**

## REMEDIOS NATURAIS DE BELEZA

### Cabeleira:

- Para dar luminosidade aos cabelos loiros, aplicade despois do champú unha decocci3n temperada e filtrada de flores de manzanilla, despois aclarar.
- Para volver brillantes aos cabelos negros e enriquecelos con reflexos escuros, enxaugar, despois do lavado, cunha decocci3n de follas de hedra.
- Contra os cabelos opacos: aclaralos con auga fr3a na cal dilu3use o zume dun lim3n ou ben unha cullerada de vinagre.
- Contra os cabelos secos: friccinar o coiro cabeludo cun preparado obtido mesturando, 50g de aceite de r3cino con 50g de am3ndoas.
- Contra os cabelos graxos: friccinar o coiro cabeludo co zume dun lim3n sen dilu3r.
- Contra a caspa: friccinar o coiro cabeludo co l3quido obtido facendo macerar durante corenta horas 50g de follas de estruga en 50 cent3metros c3bicos de alcohol.



- Cando tenden a diminuir os cabelos sobre a fronte e lateralmente: friccinar esa parte cunha cebola pelada e cr3a. Deixar as3 toda a noite e pola ma3a lavar ben.
- Contra a ca3da: facer ferver en medio litro de auga, un pu3ado abundante de romeo. Facer arrefriar e filtrar. Friccinar con este preparado polas noites.

### M3scaras de beleza:

#### **Para todo tipo de peles:**

- Un tomate e un pouqui3o de nata de leite ou leite. O tomate sen pel o machucamos e lle engadimos o leite ou a nata. Apl3case d3as veces por semana durante 20 minutos.
- Unha cullerada de iogur, unha culleradi3a de mel e 12 gotas de lim3n. Rem3vese e apl3case durante 20 minutos.

- Cocer 300g de leituga, cortala e despois se mestura con clara de ovo batida a punto de neve. Aplícase 20 minutos e aclárase con auga de rosas temperada.



#### Para peles graxas:

- Unhas toradas finas de pepino embebidas en limón. Póñense por toda a cara. Retírase con auga temperada.

#### Para peles secas:

- Unha xema de ovo, unha culleradiña de aceite de améndoas doces e unhas gotas de zume de limón. Aplícase este preparado durante 20 minutos. Retírase primeiro con leite enteiro e logo con auga mornos.

#### Ollos:

- Para ollos irritados e pálpebras inflamadas aplicar a seguinte cataplasma durante 20 minutos: Ferver en medio litro de auga unha mazá reineta lavada e torada. Coar e deixar arrefriar.
- Para ollos legañosos: Lavalos cunha decocción de cebola a penas temperada. Ou tamén aplicar unha infusión temperada de manzanilla cada cinco minutos.

#### Uñas:


- Para fortalecelas: Clavalas nunca cebola cortada pola metade durante tres ou cinco minutos. Non lavalas en media hora.
- Outra é estender cada noite arredor da raíz de cada unha aceite de oliva. Durmir con luvas de algodón para que penetre mellor.



4º A.

# LEMBRANDO ÁS ROSAS RAIS

Os nenos de 5º A queremos, coas nosas humildes poesías, facerlle unha homenaxe ás mulleres máis importantes das nosas vidas; ás que nos trouxeron ó mundo.



Entre o ceo estrelado  
Unha estrela está alumando,  
Es ti, nai queridiña,  
Que me estás vixiando.



**Laura**

Ti escóitarnos  
Mentres nós che falamos  
Sen pararnos a pensar  
En que a ti non te escoitamos.

**Ángela**

Miña nai, miña nai  
Es moi esixente,  
Aínda así, téñote na mente  
E quereite eternamente.

**Elsa**



Miña nai, ti si que me tés que  
querer  
Cóidasme e agarímasme,  
Nunca me deixes soíña  
Neste mundo ó revés.

**Judit**

A miña vida ten alegría  
Miña nai dama cada día  
Onde miro alí te encontro  
¡Se soubéralo que sinto!  
Grazas polo que me dás,  
Quérote cada día máis.

**Miriam**



Ti sempre traballando,  
Para nunca descansar  
De vez en cando déboche,  
Unha rosa regalar.

**Cristian**

Es ti a miña nai  
Que devolves ben por mal,  
Es tan agarimosa.....  
¡Como tes tanto valor  
para repartir tanto amor!

**Mónica**

Eu teño unha nai  
Que é o meu amor  
Lévoa coma unha rosa  
Cravada no corazón.

**Viky**

5ºA

## AS MASCOTAS

### O FALCÓN

É un ave con patas rematadas en garras longas e fortes. O pico é relativamente curto, grosso e curvado cara abaixo. As patas úsanas para atrapar peixes ó voo e o pico para desgarrar as súas



presas. Polo xeral os falcóns son máis activos durante as horas do día. Estes son capaces de voar con

fortaleza e axilidade, non todos o fan pero moitos voan alto e baixo. Atopámolo en todos os continentes e en moitas illas, é moi común na maior parte de Europa. O parentesco dos falcóns e as aguias é moi próximo. O falcón peregrino é un dos preferidos na falcoería e cetrería.

### Reproducción.

O período reproductivo comeza en febreiro cando os falcóns defenden un terreo de 500 m. arredor do lugar onde van facer o niño, efectuando ataques aéreos contra calquera intruso que se acerque. Despois duns meses o macho elixe o niño e ofrece una

presa á femia, que a recibe asumindo un comportamento típico das aves que aniñan. O niño adoita estar situado sobre as paredes rochosas, riscos, chemineas, niños abandonados ou nun cantil de difícil acceso . En marzo a femia pon 3 ou 4 ovos que son incubados case sen axuda do macho entre de 29 a 33 días. As crías xa voan as cinco semanas de vida.

### Alimentación.

O falcón aliméntase de aves capturadas durante o voo das cales a maioría son: pombas semi-domésticas, torcazas, rulas, estorniños, córvidos e outras aves de tamaño similar. As pequenas crías precisan unha media diaria de 80 - 100 gr. de carne e de vez en cando inclúe morcegos pequenos, mamíferos terrestres e insectos.



Jacobo, Miguel, P.Reiriz e Sergio 5ºB.

## O LORO



Loro é un nome común de aves de brillante colorido, que inclúen entre outras as cacatúas, os loritos, agaponis, guacamaios,

periquitos, papagaios, cotorritas e as amazonas.

É un grupo homoxéneo, e polas características que teñen non se poden confundir con ningún outro tipo de aves. O seu tamaño é moi variable, e pode ir dende os 8'4 cm. que mide o lorito pigmeo, ata o metro de lonxitude que mide o guacamaio xacinto.

A zona de distribución esténdese por tódalas rexións tropicais do mundo e tamén a algunhas zonas temperadas dos hemisferios norte e sur..

Onde hai maior variedade de especies é na Conca do Amazonas, Australia, Nova Guinea, e as illas que están arredor destas últimas. En Africa e Asia viven poucas especies.

### Características dos loros:

Os loros teñen o pico curvo, forte e ganchudo. As súas ás soen ser cortas, redondeadas, pero a cola soe ser bastante larga. Algunhas especies perderon a facultade de voar. Os

dedos das patas están dirixidos, dous para diante e dous para atrás. Son torpes cando camiñan, pero son excelentes rubideiras e, tamén empregando o pico son moi hábiles, úsano a modo de garfo para desprazarse entre as ramas. A maioría dos loros teñen unha grosa e musculosa lingua, que usan para coller sementes e grans, ademais destes tamén aliméntanse de froitas e follas.

Hai un grupo que é o dos loritos, que teñen a lingua máis larga, e remata nunhas serdas como se foran un cepillo, así elles máis fácil chupar o néctar e o pole das flores.

O colorido da plumaxe é moi variable. O da gran maioría son verdes, outros son azuis, amarelos ou vermellos. Dos loros máis rechamantes destaca o Loriño Arco Iris, de cabeza azul, dorso verde e peito amarelo-avermellado.

### Aniñada e cría:


A maior parte aniña en buratos das árbores, outros usan termiteiros, riscos nas rochas ou túneles que constrúen en terrapléns. A maior parte crían por parellas, con algunhas excepcións

como a cotorrita arxentina que nidifica en niños comunais. As femias soen poñer entre



dous e cinco ovos e os pitiños nacen moi pouco desenrolados, nus e cegos.

### **Loros como mascotas:**



A capacidade destes animais para imita-la voz humana e outros sons, é un dos motivos da súa popularidade como mascotas. O mellor imitador é o papagaio gris africano “yaco”. Estudos realizados con esta especie demostraron que pode ser tan intelixente como os golfinhos e os primates.

A demanda do comercio de aves de gaiola, a perda de hábitat, son as causas principais de que moitas especies de loros, estean consideradas como especies ameazadas. Na maioría dos países a captura, exportación e importación de loros está estritamente regulada, pero cada ano miles de aves son enviadas a Europa e Norteamérica, tanto legal como ilegalmente, e moitas de estas aves nin sequera sobreviven a viaxe. Unha solución a este problema sería a comercialización exclusiva daquelas especies que foron criadas en cativeiro.

Hai que ter en conta que cando vende un loro é posible que para collelo rompa o niño no que o animal estea, e que si nel houbese

pitiños eles morrerían de seguro. Estudos actuais din que cada loro que chega as mans dun comprador ilegal, morren de oito a dez no camiño.

### **A lei :**

Os loros ilegais nunca serán nosos, a compra, venta ou posesión ilegal dun loro considérase un delito e págase con multas e cárcere

**Bea, Irene, Lorena e Raquel 5º B.**

### **OS FURÓNS**

O furón bravo é un animal pouco común. É difícil velo pois fai unha vida nocturna sendo o seu hábitat máis común son as zonas próximas a ríos e regatos.

A súa pelaxe é de cor parda tirando a negra, o corpo moi flexible e as patas moi curtas..

Aliméntase de roedores, paxaros, ras, cobras e insectos...

O furón domesticado, foi usado desde hai moitos anos para cazar coellos. Na actualidade tamén se utiliza como mascota.

Para mantelos na casa o máis adecuado son as gaiolas específicas para furóns, aínda que tamén se pode utilizar unha gaiola



metálica das que se usan para os coellos. Canto máis grande sexa a gaiola, máis comfortable se atopará a nosa mascota.

Os furóns poden manterse dentro e fóra da gaiola. Para isto a casa debe estar especialmente preparada de forma que non existan buracos cara ó exterior, ventás abertas ou produtos perigosos ó seu alcance.

Tan importantes coma a propia gaiola son os complementos para o sono coma tubos colgantes, sacos para durmir, hamacas..., xa que estes animais pasan moito tempo durmindo e gústalle facelo en lugares pechados a poder ser ben escuros.



Os alimentos para furóns deben conter un alto nivel de proteínas e graxas de alta calidade pero baixa en hidratos de carbono e fibra. A súa alimentación debe complementarse cunha dieta laxante de malte, para evitar as bólas de pelo que se forman no seu aparato dixestivo froito da inxestión de pelos ó lamberse. Tamén é necesario que teñan un bebedoiro á súa disposición.

Os furóns son animais extremadamente limpos. Por esta

razón é posible habitualos a que defequen e ouriñen nunha cubeta hixiénica con leito absorbente. Se viven en liberdade pola casa é recomendable instalar varias destas cubetas.

Pese a tratarse de animais de bo carácter, algúns cachorros poden mordiscarnos ó collelos durante os primeiros días. Para evitalo é preciso utilizar algún método que faga ó animal asociar a súa acción cunha recompensa ou un castigo.

Pódense levar de paseo, pois a eles encántalles. Utilizar un arnés para furóns é o sistema que ofrece maior seguridade, duración, suavidade e confort. Sen embargo, un colar cun cascabel cando o furón está libre pola casa, permítenos saber onde se atopa a nosa mascota.

Os furóns posúen glándulas odoríferas anais que desprenden un líquido amarelo de potente cheiro. Para evitalo, á maioría dos exemplares procedentes de granxas de cría extirpanllas á idade de cinco ou seis semanas. Tamén se pode neutralizar o seu cheiro utilizando desodorizantes sen alcohol sobre a súa pel, os xoguetes e gaiola.

Se queremos utilizar insecticidas para evitar parasitos debemos facelo con produtos apropiados dado que os furóns están constantemente lambendo a pel.

**Alexandra, Raquel e Uxía 5º B.**

## AS NINFAS



### Características xerais:

As ninfas miden entre 30 e 35 centímetros. A cara é de color gris, as partes laterais da cabeza e a gorxa son de color vermello. O moño eréctil é amarelo, con tons grisáceos nos extremos das plumas, teñen unha mancha de color alaranxado, e o resto do plumaxe e gris. As remeiras e as temoneiras son mouras, con matices prateados. Os seus ollos son castaños, o peteiro é gris e as patas son grandes. A femia presenta a mancha auricular de color máis apagado, ademais no lugar do amarelo da cabeza presenta un ton gris amarelo sucio sobre a fronte. Teñen unha coloración xeral gris descolorida menos intensa. Son grandes voadoras e hábiles rubideiras.

### Habitat e alimentación:

As ninfas pódense atopar nos desertos, sabanas e tamén frecuentan os campos de cultivo.

Durante as emigracións, prefiren desprazarse en pequenas unidades. Ó atardecer reúnen en grupos sobre as ramas e forman un gran escándalo. Para alimentarse prefiren as zonas chas onde buscan o seu alimento. As ninfas son especialmente granívoras. A dieta é composta por unha mestura equilibrada de sementes, froitas e verduras. Gústalle moito as leitugas e a mazá.

### Nidificación:

As ninfas inician o período de apareamento en moitas ocasións:

nas zonas arboradas, na beira dos ríos... Ás catro semanas as crías empezan a abandonar o niño pero alimentadas pola súa nai e a seu pai.



### As ninfas en cautividade:

As ninfas son unha das psitácidas máis difundidas do mundo pola súa beleza, pola súa intelixencia e pola súa facilidade de reprodución. Incluso en gaiolas son unhas excelentes mascotas. Cando se domestican perden todo o temor ó home.

Poden terse nunha gaiola no interior da casa deixándoa saír unha vez para que exerciten as ás. Poden pasar o inverno en aviarios ó aire libre aínda que hai que ter coidado porque se trata de paxaros que deben estar ben protexidos. Teñen que ter un refuxio para pasar a noite. Os niños son de madeira con forma de caixa.

### **As ninfas como mascota:**

As ninfas son unha máis das mascotas que existen dentro do mundo das aves. Unhas das virtudes máis interesantes é o gran cariño que profesa e tamén a súa extraordinaria intelixencia.

Ángela e Uxía 5º B.

### **YORKSHIRE TERRIER.**



### **Descrición:**

Os Yorkshires Terrier ou (Yorquies) son pequenos cans de aspecto doce. Caracterízanse polo

seu pelo longo e sedoso. O pelo adoita ser dun gris azulado agás na cabeza, peito e parte baixa das patas, que son de cor marrón leonado. Este longo pelo oculta case todo o corpo, que é recto coas patas curtas e a cola amputada.

### **Altura e peso:**

A alzada a cruz debe estar comprendida entre os 19 e 22 cm. O seu peso máximo, 3,2 kg.

### **Características:**

**Cabeza:** Relativamente pequena e plana. Fociño pouco longo.

**Ollos:** Relativamente escuros, non prominentes. Bordo palpebral escuro.

**Orellas:** Pequenas, erguidas, en forma de "V" elevadas ergueitas ou semi-ergueitas, non moi distanciadas entre elas, cubertas de pelo curto.

**Corpo:** Moi compacto, con riles fortes. Dorso recto.

**Extremidades:** Rectas, cubertas de pelo, con manchas color lume intensas.

**Pes:** Practicamente redondos, con uñas negras.

**Rabo:** Córtase á metade da súa lonxitude. Sube un pouco por riba

do nivel do dorso, cuberto de pelos máis escuros cos do dorso.

**Pelaxe:** Longo, perfectamente recto, lustroso e sedoso. Cor: azul aceiro escuro, sobre o dorso; vermello lume, sobre o peito.

**Coidados:** Como outros cans pequenos de compañía a maioría dos coidados céntranse no pelo. Débeselle poñer unha cinta na cabeza para suxeitalle o pelo para que non se lle produza unha inflamación nos ollos.

As necesidades de espacio e exercicio quedan satisfeitas nunha casa normal e corrente.

**O veterinario:** Durante a primeira semana de vida, procédese ó corte da cola. Déixaselle a metade da súa lonxitude, e pónenselle as vacinas.

**Caracter:** Ten un carácter alegre e cariñoso, tamén e moi sensible. Soporta mal os xestos bruscos, motivo polo cal a súa educación é preciso levala a cabo con moita dozura e delicadeza, pero o mesmo tempo con moita firmeza, porque si se cedera ós seus caprichos volveríase realmente insoportable. A pesar do seu pequeno tamaño ten un coraxe considerable, que lle permite enfrontarse a cans maiores ca el e descoñecidos, motivo que o converte nun eficaz gardián.

**Historia:** Os antepasados do Yorkshire foron levados a esta rexión inglesa por traballadores escoceses do condado de Clydesdale, ó trasladarse no século XIX. Cruzáronos con outras razas como o Bichón maltés, o Terrier de Manchester, o Terrier Dandie Dinmont obtendo uns Yorkies máis grandes cós actuais. Acadaron o tamaño actual mediante un proceso de selección. Naquela época estes cans eran utilizados para a caza do coello que, aínda prohibida, era bastante habitual.

**Utilidade:** A utilidade orixinal como can coelleiro e ratoeiro fai tempo que desapareceu. Hoxe en día utilízase soamente como can de compañía.

**Alimentación:** As necesidades alimenticias, como cota de mantemento para este minúsculo Terrier, están comprendidas entre 230 (para exemplares de 2Kg) e 350 (para os maiores de 3Kg) kcal. diarias.

**Pros:** Bo gardián; adáptase a pisos pequenos; é cariñoso e convive ben con outros animais.



**Lila.**  
A miña cadela.

**Daniel 5º B.**

## AS POMBAS



A pomba é un tipo de ave doméstica ou salvaxe utilizada polo home desde a antigüidade. Eran criadas nos pombais para obter delas unha exquisita carne e, adestradas dunha forma especial, algunhas razas eran utilizadas para enviar mensaxes.

### Época de reprodución:

A súa reprodución realízase durante todo o ano, pero a primavera, o verán e o outono son as épocas en que o fan con máis frecuencia, no inverno non tanto.

### Duración da incubación:

A incubación é realizada entre o macho e a femia e dura de dezaioito a vinte días.



### Alimentación:

Aliméntase a base de millo e de sementes que atopan nos seus desprazamentos polo campo e outros lugares.

## Cores:

A cor que predomina nelas é o gris pero poden ser : azuis, negras, mouras, porcelana, vermellas, amarelas, baias, tostadas, chorreadas. etc.

## CURIOSIDADES :

### Adestrar pombas:

As pombas mensaxeiras pódense adestrar mediante sons e cores. Utilízase para facelo un asubío e unha bandeira. Unha vez adestrada podes levala e participar en concursos pois cando a soltas volve ó pombal.

### Para que che coman na man:


O primeiro día bótaslle a comida a unha distancia de seis metros. O segundo día bótaslla a catro metros. O terceiro día a dous metros. Finalmente nos teus pés ou nas túas mans.

## RAZAS :

### Jienenses:

O seu tamaño é mediano co pescozo recio e esvelto e peito ancho. Ten a cabeza forte e non moi alta. Nos ollos o iris debe ser pigmentado. O peteiro no seu comezo é longo, pero na madurez ten un tamaño normal.

As rosetas e caránculas son largas, lisas e formando dous triángulos.



Ten as patas de tamaño mediano. O papo deberá ser en forma de pera e non moi grande.

### Fantail Indian:


É unha pomba doméstica coñecida por primeira vez na India. No final do seu corpo as



plumas temoneiras levántanse en forma de abanico. A súa cor pode ser marrón, negra ou a pintas. É unha das pombas máis bonitas.

### Arcanxo:


Pomba doméstica que se caracteriza por ser unha excelente criadora. Reprodúcese durante



todo o ano. As súa cor pode ser marrón, negra de ás azuis ... Teñen unha guía no ollo e as patas son de cor encarnado claro.

### Modena Gris:

É unha pomba de tamaño normal que se caracteriza porque o seu corpo móvese cara arriba,



cousa que a fai moi esvelta. Reprodúcese con máis frecuencia durante a primavera, verán e outono. A súa cor é gris, de aí vén o seu nome, pero tamén as hai de cor branco, azuis ...

### Norwich Cropper:

Procedente de Inglaterra pero traída a España onde tamén se pode atopar na actualidade. Reprodúcese durante todo o ano. A súa cor é negra con pintas brancas. Ten o papo bastante grande. As súas dúas características máis importantes son o papo e o seu porte erecto.



Sergio 5º B.

## A TARTARUGA

As tartarugas son animais vertebrados cunha cuberta formada, xeralmente, por placas óseas



revestidas de placas córneas. Son máis antigas do que se pensaba e poden chegar a vivir 150 anos ou máis. Poden ser acuáticas ou terrestres.

As características máis importantes das tartarugas son as seguintes: son vertebrados; teñen esqueleto; son réptiles, son ovíparas; teñen catro aletas; non teñen dentes, pero si una mandíbula afiada, parecida a un pico..... As tartarugas mariñas non están acostumadas a saír da auga. Algunhas viven en augas salgadas e outras en augas doces. Ás terrestres non lles gusta estar na auga. As tartarugas poden comer: leituga, carne, peixe, etc.

En moitas maneiras a femia é unha máquina productora de ovos. Poden poñer de 80 a 200 ovos. Pero, por outra banda, as crías de tartaruga teñen unha elevada mortalidade durante os



primeiros días da súa vida. Moitos ovos non sobreviven a eclosión; moitas crías non dan chegado ó mar; outras ó chegar o mar non sobreviven máis dun día. Dunha forma ou outra, menos e menos tartarugas chegan a formar parte da poboación final, menos dun ovo por mil ou posiblemente menos dun ovo por cada dez mil sobrevive para producir unha tartaruga adulta.

A miña tartaruga é unha tartaruga acuática, pero eu sótoa pola casa para que camiñe. É moi tímida pero se non a maltratas e lle das cariño, ela deixa que a toques e a acaricies. Eu cámbiollle a auga tódalas mañás. Doulle de comer pola tarde, poñéndolle carne ben picadiña e así pode



comer, porque ela é pequeniña. Tamén pode comer outras cousas: peixe, bichiños, leituga... De vez en cando a cuberta cáelle, pero eso pasa porque lle está nacendo outra nova. Crécenlle as uñas das patas moi rápido e cando isto sucede, teño que levala ó veterinario. En fin a miña tartaruga é unha boa mascota.

José Carlos 5º B



### O RAPAZ QUE ESTABA SÓ

Había unha vez un rapaz chamado Marcos que tiña dez anos. Vivía nun orfanato desde que tiña un ano. O pobre Marcos tiña amigos alí, pero el notaba que lle faltaba algo e ese algo eran os seus pais.

Pouco a pouco ía encontrando menos posibilidades de ter uns pais, porque vía que ían adoptando ós seus amigos e el ía quedando só.

Estivo pensando e pensando. A cabeza dáballe moitas voltas ata que, por fin, quedou durmido. Ó día seguinte, cando espertou, uns señores buscaban ó seu fillo. Dixeron que se chamaba Marcos e que o deixaran alí cando era moi pequeno. Marcos escoitou que chamaban por el e foi alí.

Aclararon as cousas e, efectivamente, eran os seus pais. Levárono para a súa casa e comezaron todos xuntos unha nova vida. Marcos estaba feliz por atopar aos seus pais.



**Andrea  
Sampedro 4º B.**

### A RAPAZA QUE SE CONVERTIU EN SEREA

**H**abía unha vez unha rapaza chamada Lisa, vivía cos seus pais no pobo, alí sempre estaban



dous nenos e dúas nenas. Lisa intentaba facerse amiga deles, pero os rapaces non querían porque dicían que do único que falaba era das sereas. Ela di que existen pero os demais din que non. Quen ten razón Lisa ou os demais?

Por iso eu vouvos contar esta historia.

Lisa dicía que as sereas existían e os demais dicían que non. Lisa tiña razón pero ninguén a cría. Lisa triste e moi soa marchou da casa, porque nin os seus pais a crían. Facía moito vento e Lisa foi ao peirao onde as ondas rompían con moita forza, Lisa tremía co frío e alí viñan uns mariñeiros moi enfadados e Lisa agochouse correndo porque os mariñeiros estaban seguros de que viran a alguén. Moi, moi, pero que moi enfadados foron a por unha lanterna e seguiron buscando, Lisa correndo, correndo foi a

desamarrar a barca dos mariñeiros e marchou mar adiante. No fondo



do mar viu algo que brillaba. Sen pensalo máis Lisa baixou ao fondo do mar e colleu

aquela cousa que brillaba tanto e era o seu anel que lle regalara os seus pais pola comunión. Cando foi subir para arriba a súa barca desaparecera e Lisa tiña moito medo porque ela soa non podía nadar ata tan lonxe. Deixouse caer ao fondo do mar pensando en que se ía converter en escuma e, de súpeto, converteuse nunha gran serea.

Lisa foi a todas partes, á illa de Ons, ás Cíes... e a moitos máis sitios. O que máis lle intrigou foi que na praia de Lagos, debaixo do seu mar, había unha biblioteca e colleu un libro tan bonito que o leu catro veces antes de pedilo prestado. Entón o bibliotecario regaloullo. Ela quedouse tan emocionada que o leu unha vez máis polo camiño. Cando rematou estaba desexando volver a lelo.

Lisa gañou unha casa nun sorteo, tivo moita sorte. Cando entrou na súa nova casa tiña moita fame, pero ela non sabía como se cociñaba, e, de súpeto, a cociña empezou a cociñar soa, a casa limpouse soa, as camas facíanse soas e todo se facía só. Era increíble. Lisa estaba asombrada e saíu dar unha volta e todo o

mundo se escondía dentro das súas casas, e Lisa preguntoulle:

- Que vos pasa? Por que vos escondedes?

E respondéronlle todos á vez:

- E que están aí os pescadores e se ti non te metes pronto na túa casa poderán pescarte.

E Lisa respondeulles :


- Xa vou, pero hai que tratar de paralos dunha vez por todas .

E os demais respondéronlle :

- Si, Lisa, téz razón, hai que parar a eses pescadores dunha vez.

E rapidamente idearon un plan e funcionou. Afundiron o barco e asustaron aos pescadores. Eses pescadores dixéronlle a todo o mundo o que lles pasara e tódolos pescadores do mundo decidiron non volver a pescar nunca máis. Todos estiveron moi felices pero un día un buzo foi ao mar e Lisa expulsouno do seu mar. E todos os peixes coroárona como a raíña do mar. E viviron felices por sempre e sen ningún pescador que os amolara.

**Irene Santos 4º B.**



## UNHA NENA DE BELUSO

Este conto trata dunha rapaza que non lle gustaban as escolas de Beluso e quería ir á escola de Pontevedra, pero os seus



pais non tiñan cartos dabondo, entón a nena decide marchar da casa cos seus aforros. Ó chegaren a Pontevedra atopouse con que eran todo coches, cheiraba a combustible, non eran casas dunha familia, senón edificios comunitarios...

Cando chegou á escola, fixéronlle un test de intelixencia, e aprobouno cun 9,75.

A nena entrou no colexio e o conserxe levouna á clase correspondente, pero o que a ela non lle gustaba era o de estudar. Mandáronlle máis deberes ca no de Beluso. Ó rematar a clase do venres a nena colleu 20 euros dos seus aforros e marchou a un restaurante, comeu o menú do día e custoulle 9,50 euros. Logo foi ó parque a xogar, pero parecíalle moi aburrido non ter o cariño dos seus pais ó seu carón. A rapaza foi



á parada do autobús e mirou o horario, pero o último da noite xa saíra ás oito e eran as 8,30. Xa estaba cansa, así que colleu a manta da mochila, tirouse no chan e durmiuse.

Doce horas despois, o sábado pola mañá, a rapaza foise á parada do autobús, alí esperou impaciente porque pensou que os seus pais a estarían buscando sen parar, sen pensalo dúas veces colleu o primeiro bus da mañá e foise para Beluso. Cando chegou, os seus pais alegráronse tanto que fixeron unha festa para todo o pobo. A nena aprendeu a lección para toda a vida, nunca se pode un marchar da casa. Os pais traballando para nós e nós sen sentido. Ó final sofren eles e nós. Hai que conformarse co que temos e así seremos máis felices todos.

**Patricia Comedeiro 5º A**


## AS BOTAS DO MEU VECIÑO

As botas do meu veciño son unhas botas de ir traballar, de ir pescar, de ir á veiga, de ir limpalo galiñeiro.....e tamén para face-lo viño.

Un día ía camiño da fonte a buscar auga para rega-las plantas, ía co seu canciño, e os veciños que andaban por alí dixéronlle:

- ¿Onde compráche-las botas, ¿valéronche moito? Son fermosas.

- Oe, oe, onde as compraches?, ou é que estás xordo?



- Non estou xordo, non vos importa onde as comprei, ando cunhas botas decentes e non como as vosas, andades cunhas chalanas...

Eles picáronse e dixeron:

- Ti coma sempre queres pasar de rico, sempre vistes roupa de marca, bo coche, todo bo, e nós non, somos como somos, ti es un sabichón e cando te pos altivo non hai quen te tolere, paréce-lo mandón do pobo.



- Mira, calade a boca que eu sei ben o que digo, non son presumido, nin levo roupa cara, só teño onde vivir e non coma vós.

De repente apareceu a súa dona

- Manuel, que pasa? Por que estás discutindo coas veciñas?




- Estas non son veciñas nin nada, son unhas vellas rosmonas. Veña, ímonos para a casa e cóntasme a causa, seguro que por algo sen importancia, Non se debe levar un mal con ninguén, e menos cos que temos ó carón.

Laura Cruz 5º A

## LAURA E A TARTARUGA

Había unha vez unha nena que se chamaba Laura. Tiña moitos curmáns, pero só eran nenos e ela aburriáse moito xogando a cabalerías, á pita cega, ó fútbol..., en fin, a cousas de nenos.

Un día decidiu pedirlle á súa nai que lle comprara unha mascota para xogar porque xa estaba aburrída de estar cos seus curmáns. Cando Laura foi para a cama, antes de durmir, estivo pensando que a mascota para xogar podía ser unha tartaruga.



Ó día seguinte, Laura díxolle á súa nai:

- Mamá, quero que a miña mascota sexa unha tartaruga.

A nai de Laura saíu á tenda de animais para ver se había algunha, pero xa se acabaran e a señora da tenda díxolle que non volverían vir máis. Foise para a casa e, ó chegar, Laura preguntoulle onde estaba a tartaruga. Díxolle que non había ningunha e Laura púxose moi triste. Ó vela así, a súa nai fixo as maletas e foron a outro país para buscar algunha.

Cando chegaron, foron a unha tenda de animais e preguntaron se había tartarugas, pero non as tiñan e tiñan que esperar ata o día seguinte.



Esperaron e cando se fixo de día rapidamente foron outra vez á tenda e decidiron coller unha parella de tartarugas.

Despois volveron á súa casa onde prepararon un estanque para as tartarugas e alí se criaron moitas máis tartarugas.

Laura xa tivo mascota para xogar e nunca máis volveu aburrirse.

**Alba Rial 4º B**

## TRES IRMÁNS

Eran tres irmáns. O maior era Carlos, vivía nunha casaña a carón do río, xunto coa súa esposa e dous fillos. Traballaba de leñador. O mediano chamábase Víctor. Era zapateiro e tiña un taller pegado á súa casa que é onde traballa, este é o que máis fortuna gañaba. O pequeno, que era Ton, vivía co seu pai, e traballaba de carpinteiro, pero Ton pensaba que o diñeiro que gañaba cada día, como calquera outro carpinteiro, era moi pouquiño.

E así foi que un día o seu pai díxolle:


– Fillo, toma todo este diñeiro,



son os meus aforros desde que era novo, así que gástao en algo útil.

Ton quedou alucinado, ¡era moitísimo diñeiro! e pensou que podía sacar proveito del, entón decidiu que ó día seguinte iría ó casino da cidade e apostaríao todo

polo dobre. E así foi, e ante o asombro de todos Ton gañou, pois aquel día a sorte ía da súa parte. Ton deixouse levar pola súa avaricia e con todo o que gañou decidiu comprarse unha casa moi grande e luxosa.



Desde aquel día Ton vivía coma un rei, tiña máis de dous empregados que só traballaban para el e nunca lle faltaba nada.

Un día o alcalde da cidade anunciou por todas as televisións, radios, altofalantes, etc:

- Vou talar todas as árbores do bosque e derribar todas as casas que estean feitas para dar lugar a uns edificios, salvo que algún habitante pague un millón de euros.

Carlos estaba moi triste, alí era onde vivía e tampouco podía traballar de leñador xa que non habería ningunha árbore que talar. Carlos acudiu inmediatamente ao seu irmán Ton, xa que posuía unha grande fortuna. Cando Carlos chegou xunto a Ton, explicoulle o que pasara e preguntoulle se podía axudalo, pero Ton, a pesar de que tiña suficiente diñeiro non lle fixo caso e Carlos viuse obrigado a vivir

nun apartamento coa compañía da súa muller e os seus dous fillos. Tamén Víctor lle pediu un pouco de diñeiro prestado porque tiña que comprar material para fabricar zapatos novos, pero este non lle fixo caso.

Un día Ton, aproveitando a súa boa sorte volveuno apostar todo, e, de repente perdeu, Ton non o podía crer, acababa de perdelo todo, todo! e só pola súa avaricia.

Ton moi, pero que moi triste acudiu aos seus irmáns, pensando, sen ningunha esperanza, que os seus irmáns o ían rexeitar, tal e como o fixera el.

Ton proseguiu un gran camiño a pé, ata que chegou xunto a eles. Cando petou na porta, Carlos e máis Víctor foron abrir, quedaron moi estrañados, e preguntáronlle

– Que fas aquí?

Ton explicoulles aos dous o que lle pasara, e os seus irmáns, moi contentos, fixeron unha festa para esquecer o que pasara, invitando a todos os habitante do pobo;



Aida Queimaño 4º B

## CARAPUCHIÑA AZUL

Érase unha vez unha fada que se chamaba Carapuchiña Azul. Un día andando polo bosque oíu que alguén choraba.



Como era fada achegouse e mirou que era unha nena. Estando con ela preguntoulle ó oído:

- Por que choras?
- Porque ninguén me quere - lle dixo.
- Eu pódote axudar - díxolle Carapuchiña Azul.

Entón, desde ese día a nena sempre que se aburre chama a Carapuchiña Azul e lle trae moitos amigos.

Vera, 2º A.

## O VELLO CARBALLO



Esta é a historia dun vello carballo que vivía nunha fraga.

Era a árbore máis vella e tiña un xigantesco tronco. Nel vivían un esquío e un paxariño nun buraco que había na metade da árbore. Eles déronse conta de

que ó vello carballo faltábanlle as follas.

- É certo - dixo o paxariño, sacando o peteiro polo buraco-. Xa hai días que chegou a primavera e ó carballo non lle saíu folla algunha . ¿Que lle pasará?

Achegáronse ata a casa do seu amigo Xoán, un rapaz que tiña a súa casa preto da fraga.

- Xa me decatei - comentou Xoán cando falou co esquío e co paxariño-. Creo que sei o que lle pasa.

- E logo, que ten? - preguntaron con moita curiosidade.

- Sede. Este inverno, case non choveu, e o vello carballo é tan grande e precisa tanta auga que como non chova axiña, vai secar.

- Pero, ¡iso é horrible!- contestaron os animais.

O esquío asustouse e comentou.

- Que podemos facer?
- Hai que darlle de beber.
- Si, ¿pero como?

Xoán avisou ós seus amigos. Entre todos decidiron ir ata o río e levarlle auga ó triste carballo. Pero o esforzo era inútil, a auga non era abondo. Tiña que chover canto antes.

Pasados uns días, choveu sobre a fraga durante un día enteiro. ¡O vello carballo estaba



salvado! Das súas pólas comezaron a saír as follas verdes unha primavera máis.

Era a súa forma silenciosa de dar as grazas ós seus amigos.

Irene 5º B.

### O GRANXEIRO.



Hai tempo, nun pobo moi afastado, vivía un granxeiro moi vello e moi pobre. O granxeiro estaba casado e a súa muller chamábase Rosa. Estaba pasando un mal momento, pois non tiña diñeiro para comprar alimentos para el nin para os seus animais. Entón non tivo máis remedio que ir á feira e vender o único que lle quedaba, os animais. O luns vendeu os parrulos, o martes o burro, o mércores e o xoves os porcos, o venres os cans ... O pobre granxeiro, desesperado, decidiu non vender máis cousas.

A súa muller ó velo tan triste preguntoulle:

- Que che pasa?



O granxeiro, cansado e con moita pena por ter que vender os animais, non lle respondeu e Rosa quedou un pouco preocupada.

Uns días despois un amigo do granxeiro presentouse na súa casa para facerlle unha visita, pois era un vello amigo. Ó ver a gran tristeza do seu amigo o granxeiro e posto que el era millonario, decidiu axudalo pero sen dicir nada. El foi preguntando e investigando quen eran as persoas ás que o granxeiro fora vendendo os animais. Ó mesmo tempo acercouse ás granxas dos veciños para recuperalos e así devolverllos ó seu amigo.

Cando o granxeiro viu ós seus animais, púxose moi contento e agradeceulle ó seu amigo millonario todo o que fixera por el.

Beatriz 5º B.

### ANTIA E OS LIBROS

Era unha vez unha nena chamada Antía, que vivía cos seus pais nunha cabana na montaña. Antía quería ir á escola, pero na montaña non había ningúns medios de transporte para levala.

A Antía gustáballe ir xogar ao faiado. Alí tiña algún xoguete para pasar os días de choiva.

Un día xogando ás casiñas atopou un baúl que estaba cheo de libros; ela empezou a ver os debuxos e gustáronlle moito. E así,



un día tras outro, ata que, sen darse conta, comezou a ler e comprender a lectura. Estaba moi ilusionada e soñaba con ir algún día ao colexio.

Unha noite que a rapaza estaba a durmir a nai foi darlle un bico de boas noites e a nena soñando en voz alta dicía:

- Quero ir ao colexio, sería a nena máis feliz do mundo!

A nai ao oír aquilo falou co seu marido. Tiñan moita preocupación, pois á súa idade todos os nenos ían xa ao colexio. Conseguiron, por fin, levala ao colexio da vila máis próxima. O primeiro día estaban moi nerviosos esperando a que a nena chegara á casa e así saber como pasara o día, pois tiñan medo das burlas dos demais rapaces.

Antía chegou moi contenta pois estaba á altura de calquera rapaz da clase.

Os seus pais quedaron máis tranquilos. Ela seguiu indo ao colexio cada día máis contenta.

Ao rematar o curso tiñan que elixir á nena máis lista e traballadora, e todos os profesores e compañeiros decidiron que a que




máis o merecía era Antía. Pois era moi amiga de todas as nenas e nenos e tamén moi aplicada. Ao final do curso déronlle unha matrícula de honor e os seus pais sentíronse moi orgullosos da súa pequena Antía.

Alba 4ºA.

## O RELOXO MARCELINO

Marcelino era un reloxo pequeno.



Un día a súa nai chamouno para ir ó colexio, pero el en vez de erguerse axiña quedou un pouco máis na cama. Como se ergueu tarde, andou todo o día atrasado, e chegou tarde a almorzar, ó colexio, ó recreo e a tódolos sitios que ía.

Pola noite a súa nai berroulle, e díxolle que un bo reloxo nunca adiantaba, e menos aínda atrasaba. El contestou que non era para tanto. Total por uns minutíños de nada. E así

Marcelino colleu o costume de atrasarse de vez en cando.

A súa nai seguíalle berrando e dicíalle que tiña que ser puntual coma os demais reloxos, pero el non facía caso.

Un día Marcelino chegou moi contento á casa, no colexio ían facer unha excursión e a el gustábanlle moito as excursións, e ademais ían ir ó zoo e a el encantábanlle os animais.

A noite anterior á excursión, a súa nai díxolle que tiña que deitarse cedo. El non fixo caso e púxose a xogar coa play e atrasouse un pouco.

Á mañá seguinte a súa nai chamouno, el pensou se estaba un pouco tola por chamalo tan cedo, e seguiu na cama. Cando a súa nai se decatou de que aínda non se vestira, nin almorzara díxolle que ía perder o autobús, e así foi, cando chegaron ó colexio o autobús xa se fora. Marcelino botouse a chorar porque pola súa culpa de andar atrasado quedouse sen excursión.

Dende aquel día o noso reloxo Marcelino intentou ser sempre puntual, pois deuse conta de que se andaba atrasado podíase perder moitas cousas importantes na súa vida.

3°.

### O OSIÑO E A NENA

Había unha vez un osiño que lle gustaba moito viaxar.



Un día decidiu que quería ir a Ourense, pero perdeuse no camiño e como non sabía onde estaba, púxose a chorar.

Unha nena que pasaba por alí escoitouno, e deulle tanta pena que foi a consolalo.

\_ ¡ Ola ! Chámome Iria. ¿Que che pasa?

\_ Eu quería ir a Ourense, pero perdinme e agora no sei onde estou.

\_ Estás en Pontevedra, e se queres podes vir á miña casa descansar e comer algo.

\_ Vale, e moitas graziñas por axudarme.

Iria levou o osiño á súa casa, comeron, xogaron, e ó chegar a noite durmiron os dous no seu cuarto. Estaban tan ben xuntos que o osiño quedou a pasar unha tempada coa súa nova amiga.

Un día o osiño díxolle que tiña que marchar, que quería ir a Ourense

Iria díxolle que ela tamén quería ir, e indo os dous xuntos non se perderían.

O osiño alegrouse moito de que a súa amiga quixese ir con el e púxose a dar tombos sen parar.

Foron a Ourense, pasearon por tódalas rúas, comeron carne ó caldeiro, laváronse nas Burgas... Divertíronse tanto que non querían volver para a casa, así que seguiron viaxando. Foron a A Coruña, a Lugo, a Santiago... Pero como ían xuntos nunca se perderon.

3°.

### O NENO E O CROCODILO

En certo tempo, en certa aldea, vivía unha certa persoa. Era un neno duns tres anos, que ía camiñando pola beira dun río e atopou un crocodilo preso nunha trampa.

\_ ¡Axúdame! Gritoulle o crocodilo.

\_ ¡Matarasme! Gritou o neno.

\_ ¡Non! ¡Achégate! Dixo o crocodilo.

Entón o neno foi onde estaba o crocodilo e nese intre foi apresado polos dentes da súa enorme boca.

\_ ¿É así como pagas a miña bondade, coa túa maldade?- Preguntou o neno.

\_ Naturalmente. - Dixo o crocodilo musitando. - Así acontece sempre no mundo.



O neno non quixo crelo, polo que o crocodilo decidiu non tragalo ata escoitar a opinión das tres primeiras persoas que pasasen por alí.

O primeiro foi un vello burro. Cando o neno lle pediu a súa opinión, o burro dixo:

\_ Agora que son vello xa non podo traballar, meu amo botoume para que me devoren os leopardos.

\_ ¿Miras? Díxolle o crocodilo ó neno.

O seguinte que pasou foi un cabalo vello que expresou a mesma opinión.

\_ ¿Miras? Repetiu o crocodilo.

Logo veu un coello regordete que dixo:

\_ Mira eu non podo opinar sen coñecer a historia dende o principio.

Rosmando o crocodilo abriu a boca para contarlle, e o neno saltou e púxose a salvo.

\_ ¿Gústache a carne de crocodilo? Preguntoulle o coello.

O neno díxolle que si.

\_ ¿E a teus pais?

Volveu a dicir que si.

Pois aí tes un crocodilo listo para o pote.

O neno fuxiu e retornou cos homes da aldea, que o axudaron a matar o crocodilo.

A xente trouxera con ela a un can de caza que ó ver ó coello botóuselle enriba e esgazouno.

Polo tanto o crocodilo tiña razón. Así acontece na vida:

**A BONDADE SOE PAGARSE CON MALDADE.**

3°.

## POESIAS

### MAR MARIÑEIRO

Mar, mariñeiro  
do mar será,  
compra aparellos  
e a navegar.

Mar, mariñeiro  
do mar será,  
pesca peixiños  
e a navegar.

Vera 2º A.

### A PRIMAVERA


Xa ven a primavera,  
xa cantan os bichiños  
e tamén os paxariños.

Xa nacen as flores,  
que bonito está o  
xardín!

Corren nenos e máis  
nenas,  
que bonito é vivir!

Vera 2º

A.



### A TARTARUGA

A tartaruga no mar  
triste coma unha  
aceituna,  
non tiña amiga  
ningunha.

Pasou unha serea  
foise con ela,  
e toda contenta  
nunca se foi sen a  
serea.

Alex 2º A.

### O OSO

Habia un gran oso,  
que no bosque vivía,  
e que tiña por casa  
unha coviña.



oso durmía,  
o oso comía,  
o oso bebía  
na súa gorida.

Un día sucedeu,  
que o oso caeu  
ó río profundo.

E... desde entón  
o gran oso,  
ó río  
nunca máis se acercou.

Curso 2º A.

### A PRIMAVERA

Príma, príma  
primavera,  
primavera de color.

Príma, príma,  
primavera,  
do color das flores.


Príma, príma,  
primavera,  
do color das árbores.

Príma, príma  
primavera,  
chegan xa os paxariños,  
as abellas, bolboretas,  
bolboretas e gaivotiñas.

Curso 2º A.



### AVIÓN



As luces do avión  
están case sempre acesas.  
Pola noite préndense,  
polo día míranse.  
Que sorte a túa!  
que tes que marchar  
nese avión que se mira  
polo ceo arriba.

Sara 4º A.

Polo ceo voa  
ese avión trouleiro.  
Troula, que te troula  
polo ceo voa.

Na cabina o copiloto  
fala co piloto.  
Fala que te fala  
que non paran de falar.


Érica 4º A.

## O MUNDO

O Mundo é redondo.  
 O Mundo ten cor.  
 O Mundo ten olor.  
 O Mundo é rechoncho.

Que seríamos sen el?  
 Sen el non seríamos  
 nada,  
 e sen el o noso vivir  
 sería un puro sufrir.

Sen o Mundo  
 e as súas cousas  
 non viviríamos  
 non existiríamos.



Noelia 4ºA.

## A NEVE

A neve é moi branca  
 e, ás veces, a vida che  
 arranca.  
 Cando cae unha  
 avalancha,  
 parece que a montaña  
 escacha.

É un ruído terrible,  
 unha visión temible:  
 as aves voando,  
 os animais correndo.  
 Todos escapando,  
 do gran estruendo.

Marta 4ºA.

## A CAMELIA

No xardín da miña  
 casa  
 naceu unha linda  
 flor.



Non era unha rosa,  
 nin tampouco un sol.

Era unha camelia  
 con moito amor.  
 De cores douradas,  
 coma unha ilusión.

## A MIÑA FAMILIA

Teño unha familia  
 que é do mellor,  
 todos nos queremos  
 con moito amor.



Imos de paseo  
 que é o mellor,  
 todos agarrados  
 de menor a maior.

Alba 4ºA



# CÓMIC

## O NENO MALEDUCADO



Beatriz Vidal 5º B

UN ROUBO MOI EXTRAÑO



María era moi rica e tiña un colar de moito valor.



Un día espertou e pasoulle algo impresionante.



Ó decatarse de que lle faltaba, chamou á policía.



Estiven traballan-do no salón.

A policía interrogou a todo o persoal da casa.



Despois do interrogatorio o ladrón non aparecía.



A policía atopou o colar na almofada de María.

Uxía Pastoriza 5º B.



# DEPORTES



Neste curso temos xa rematadas as tradicionais competicións, por ciclos, de BALONMÁN e FÚTBOL-SALA, masculino e feminino, que se celebran nos recreos, nas que os equipos gañadores en cada categoría son os seguintes:

## BALONMÁN FEMININO:

### 6º.

Andrea Vidal Villanueva.  
Ana María Otero González.  
Raquel Iglesias Regueira.  
Andrea Novoa Pousa.  
Sara Gómez García.  
Nuria Otero Piñeiro.



### 4ºB.

Irene Santos Menduiña.  
Aida Queimaño Soage.  
Carla Pereira Fernández.  
Andrea Sampedro Pereira.  
Alba Rial Vidal.  
Celeste Pereira Pérez.

## BALONMÁN MASCULINO:

### 6º (Equipo B).

Jason Díaz Garrido.  
Sergio Golobardas Otero.  
Miguel Ángel Lemos Martínez.  
Carlos Otero Regueira.  
Carlos Pereira Pérez.  
Gael Rodríguez Rial.  
Moisés Soliño Martínez.  
Yeray Simes Otero.



### 4ºA.

Cristian Álvarez Martínez.  
Salvador Barros Meis.  
Rubén Iglesias Piñeiro.  
Serafín Martínez Canosa.

## FÚTBOL-SALA FEMININO:

### 6º.

Ana Mª Otero González.  
Andrea Vidal Villanueva.  
Raquel Iglesias Regueira.  
Sara Gómez García.  
Andrea Novoa Pousa.  
Nuria Otero Piñeiro.



### 4ºA.

Noelia Acuña Martínez.  
Sara Bernárdez Gómez.  
Erica Ferradás García.  
Alba Ferradás Rial.  
Marta López Romero.  
Noemí Loveira Martínez.

## FÚTBOL-SALA MASCULINO:

### 6º (Equipo A).

Pablo Alonso Santos.  
Mauro Álvarez Martínez.  
Alejandro Dios Domínguez.  
Daniel Iglesias Solla.  
Luis Martínez Gallego.  
Emilio Damián Otero Pérez.  
Rei Takasawa García.



### 4ºA.

Cristian Álvarez Martínez.  
Salvador Barros Meis.  
Rubén Iglesias Piñeiro.  
Serafín Martínez Canosa.

Por outra parte, estamos preparando para o martes 16 de Maio a “**III Olimpiada**” do Colexio, dentro dos actos de celebración da “**Semana Cultural e das Letras Galegas**”. Está previsto que esta Olimpiada se realice, outra vez, no campo de fútbol do Beluso, sempre e cando nolo permita a climatoloxía. A nosa intención sigue sendo que participen tódolos nenos e nenas do Colexio, dende Educación Infantil a 6º de Primaria. Para eso teremos 2 grandes bloques principais, que serán por unha parte Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria e por outro lado os 2º e 3º Ciclos de Primaria, con distintos xogos e probas para cada un e unha dificultade variable segundo cada idade e Ciclo. De este xeito haberá:

- ◆ Xogos populares e tradicionais.
- ◆ Probas deportivas: 50 m. lisos, 50 m. vallas, salto de altura e medio-fondo.
- ◆ Degustación de rosquiñas.




Confiamos que esta xornada sexa agradable, festiva e proveitosa para todos.

# PASATEMPOS

## ADIVIÑAS


1.- No Polo Norte hai unha selva; branqueando, non lle neva.	4.- Cando sente o seu amor preme o acelerador. Pom, pom! Pom, pom!	8.- Conta, conta! Que hai debaixo da bota!
2.- É planta, non ten raíz, non é flor e ten cheiro que molesta o meu nariz	5.- Unha porta con soldados, unha torre con furados, dúas ventás con persianas, moito xardín no tellado.	9.- Asoma un preso por un furado. Alí quedou atrapado.
3.- En Vigo estou, en Vigo vivo, en Vigo digo.	6.- Canles agochadas, auga colorada. O batán é capitán que non descansa	10.- Primeiro bufa, logo anda; e non se lle oe nin avanza.
	7.- Dous barquiños feituquiños que me levan navegar polos camiños.	<b>SOLUCIÓNS:</b> 1 Pelo branco 2 A planta do pé 3 embigo 4 corazón 5 A cara 6 As veas, o sangue e o corazón 7 Os zapatos 8 tacón 9 botón 10 A bufanda



Busca dez nomes de animais:



F	O	C	A	C	H	N	U	S	T	A	O	F	E
A	I	D	S	B	Y	Z	X	C	F	T	S	S	L
R	Y	E	W	G	A	T	O	H	I	V	O	R	E
A	B	L	C	D	E	L	F	G	H	X	S	T	F
I	J	F	Q	L	M	N	L	O	P	O	E	L	A
K	R	I	S	T	U	V	W	E	X	E	R	O	N
Y	Z	N	K	E	R	G	I	T	N	T	P	R	T
X	N	A	M	R	S	T	U	P	F	A	E	O	E
A	B	L	N	G	E	X	I	E	P	W	W	F	O

Que camiño seguirá a abella para chegar á súa colmea?



## Sabías que...?

- ☑ **O cerebro dos humanos** é o que posúe máis pregos de todos os seres vivos, por iso se o despregásemos mediría aproximadamente 2 metros.
- ☑ **Mozart** non soportaba o son dunha fruta. "O único peor a unha fruta, son dúas". De feito os concertos para fruta que escribiu foron todos por encargo, ata que por primeira vez substituíu este instrumento polo clarinete, e creou o fantástico Concerto Para Clarinete K.622. A partir de entón empezou a considerarse este instrumento dentro das orquestras.
- ☑ Hai varios tipos de **amnesia**, a amnesia **retrógrada** é a máis rara aínda que a máis **cinematográfica**, nela o afectado non recorda a súa vida antes da lesión. En cambio, na amnesia **anterógrada**, a máis común e grave, o enfermo recorda o seu pasado pero non logra aprender nada novo.
- ☑ **O primeiro hospital psiquiátrico** da historia construíuse en Bagdad no ano 792.
- ☑ A **voz feminina** provoca esgotamento no cerebro masculino. Segundo o profesor Michael Hunter, da Universidade de Sheffield (Gran Bretaña), o ton da voz feminina posúe sons máis complexos que a masculina, por iso toma toda o área auditiva do cerebro masculino, mentres que a voz do home só ocupa o área subtalámica. De aí que en moitas ocasións as mulleres se queixen de que os homes non as escoitan, xa que o que fan é "desconectar" por unha razón puramente fisiolóxica.



## Terra e aldea

Se puidésemos reducir a poboación da Terra a unha pequena aldea de exactamente 100 habitantes, mantendo as proporcións existentes na actualidade, sería algo como isto:

Habería 57 asiáticos, 21 persoas do continente americano (incluíndo norte e sur), 14 europeos e 8 africanos

52 serían mulleres

48 homes

70 non serían brancos

30 serían brancos

70 non cristiáns

30 cristiáns

89 heterosexuais

11 homosexuais

6 persoas posuirían o 59% da riqueza de toda a aldea e os 6 serían norteamericanos

Das 100 persoas, 80 vivirían en condicións infrahumanas e 70 serían incapaces de ler


50 sufrirían de mala nutrición

1 persoa estaría a piques de morrer

1 bebé estaría a piques de nacer

Só 1 (si, só 1) tería educación universitaria

Nesta aldea habería 1 persoa con ordenador



Dalle a volta á páxina e mira se ves este mesmo debuxo.



## Estudo dunha universidade inglesa

Sgeun un etsduo dunha uivenrsdiade ignlsea, non ipmotra a odre na que as ltears etsean ersciats, a uicna csoua ipormtnate é que a pmrreira e a utlima ltera estaen ecsritas na psiocion cocrrtea. O rsteo pdoen estar ttaolmntee mal e aínda así pordeas lelo sen pobrleams. Itso é pquore non lmeos cada ltera por si msema senon a paalbra cmoo un tdo.

**EXAME:**

- 1 Once da noite. Antón está na cama lendo. A súa nai apágalle a luz. A habitación queda totalmente a escuras, pero Antón segue lendo tranquilamente. Como pode ser?
- 2 Que pasa no Polo Norte tódolos días do ano entre as 3 e as 4 da madrugada?
- 3 Un gandeiro ten 1000 ovellas, 350 cabras, 60 vacas e 10 cabalos. Se aos cabalos lles chamamos vacas, cantas vacas tería?
- 4 Cres que pode existir algún gato que teña máis forza ca un tigre?
- 5 Que podes facer para que ó engadirlle 1 ó número 20 obteñamos 19?
- 6 Por que se suicidou o libro de matemáticas?
- 7 Cal é o ave que ten máis letras?
- 8 De que poderías encher un saco para que pesase menos?
- 9 Pepe naceu o día de Reis, sen embargo celebra o seu cumpreanos en pleno verán. Como é posible?

**ADIVIÑAS E ACERTIXOS**

Ten leite, pero non dorme.  
Ten boca , pero non fala.

(O río)

Un cabalo branco entra no Mar Negro.  
¿Como sale?

(Mollado)

¿Que da a vaca cando está fraca ?

(Pena)

NENAS E NENOS DE 3°.

**RESPOSTAS:**

- 1 É cego. Le en Braille.
- 2 Unha hora.
- 3 60. (Aos cabalos, anque se lles chame vacas, seguen sendo cabalos)
- 4 Si. O gato do coche
- 5 Escribilo con números romanos: XIX.
- 6 Porque tiña moitos problemas.
- 7 O abecedario.
- 8 De buracos.
- 9 Vive no Hemisferio Sur.





## WOLFGANG AMADEUS MOZART: A SÚA VIDA

Non existe, en toda a Historia da



Música,  
unha  
vocación que  
se  
manifestase  
tan temperá  
e que  
fructificase

tan espléndida e xenialmente como a de Wolfgang Amadeus Mozart. De neno espertaba simpatía polo seu aire desenvolto, atractiva figura e comunicativa cordialidade; pero admiraba aínda máis pola súa áxil intelixencia, habilidade extraordinaria e capacidade creadora; non houbo unha soa persoa que ao achegarse a el, ver e comprobar as súas singulares facultades, non se sentise marabillado: reis, emperadores, príncipes, nobres, músicos, pobo e aínda o mesmo Papa, renderon tributo ao pícaro prodixio que foi Mozart.

Wolfgang Xoán Crisóstomo Amadeo Mozart naceu o 27 de xaneiro de 1756, en Salzburgo, Austria. O seu pai, Leopoldo, era violinista e estaba, como músico, ao servizo do arcebispo daquela cidade. A súa nai, Ana María Pertl, era moi estimada pola súa sinxeleza, dozura e bo sentido, calidades ás que unía unha alegría encantadora, unha amabilidade compracente e unha discreción oportuna. O outro membro da

familia, cando Wolfgang naceu, era María Ana (chamaríaa Nannerl), que tiña catro anos.

Entre os catro e os seis anos compuxo 22 pezas que o seu pai publicou nunha monografía. por isto, ao recoñecer as innatas facultades do seu fillo, dedicouse á súa educación con coidadoso esmero: o neno vencía as dificultades con toda facilidade, os seus pequenos dedos corrían polo teclado con asombrosa axilidade.

En vista dos adiantos alcanzados, Leopoldo tomou a resolución de emprender unha xira con María Ana e con Wolfgang. Ao primeiro lugar que se dirixiron foi Munich, cidade á que chegaron o mes de xaneiro de 1762, e na que causaron gran admiración: Wolfgang tocou un concerto ante o príncipe elector quen lle prodigou moitas felicitacións. En setembro do mesmo ano foron a Viena.

En xullo de 1763, emprenderon os Mozart unha nova xira. Pero esta vez, Leopoldo decidiu que se viaxaría luxosamente, en elegante carruaxe, hospedándose en bos hoteis e fuxindo das relacións que puidesen comprometerlos. O neno gozaba destas viaxes con intensa



alegría. Visitaron Munich, Augsburg, Maguncia, Mannheim, Coblenza, Colonia, Aquisgrán, Bruxelas, ata que chegaron a París en novembro dese mesmo ano; nesta cidade permaneceron algúns meses, causando, como en todas partes,



unha gran admiración e recibindo numerosos agasallos; foi alí onde se publicaron as primeiras catro sonatas de Mozart, dedicadas á princesa Victoire de Francia. A Inglaterra chegaron o 4 de abril de 1764: igual que en Viena e París, en Londres tocaron ante a presenza do rei, Xurxo III, da raíña Sofía Carlota de Mecklemburgo, e dos nobres. O fillo menor de Juan Sebastián Bach, Juan Cristián, que era mestre da corte, propuxo ao neno unha serie de dificultades que este resolveu moi doadamente. En Londres houberon de permanecer 15 meses por enfermidade de Leopoldo: pero este tempo aproveitouno Mozart dando numerosos concertos e cultivando unha estreita amizade con Juan Cristián Bach, de quen recibiu proveitosos ensinamentos.

Abandonaron Inglaterra o 1º de agosto de 1765: en Francia visitaron algunhas cidades, pero en Lila, houberon de quedarse un mes por enfermidade de Mozart. Despois foron a Haxaa, onde

María Ana enfermou tamén, ao mesmo tempo que o seu irmán recaía. Ao cabo de catro meses volveron a París, e de regreso a Salzburgo, onde chegaron en novembro de 1766, pasaron por Dijon, Berna, Zürich, Ulm e Munich.

En setembro de 1767 volveron a Viena. Pero unha epidemia de viruela fixoos refuxiarse en Olmütz, onde os nenos contraeron a enfermidade. Novamente en Viena, xaneiro de 1768, Mozart recibiu o encargo do emperador de escribir unha ópera, "*A finta semplice*", que tivo a virtude de desencadear as envexas e as calumnias desa cidade: dicíase que tal obra non fora composta polo pequeno, senón polo seu pai. En balde Mozart tratou de demostrar o contrario prestándose a poñer música a calquera texto que se lle presentase: o resultado foi que a ópera non chegou a representarse.

Outras obras foron compostas no mesmo ano, entre elas a ópera "*Sebastián e Sebastiana*", un concerto para trompeta, unha Misa Solemne e unha sinfonía en re menor. Ao ano



seguinte, 1769, o arcebispo de Salzburgo nomeouno mestre de capela: entón compón outras dúas misas, un *Che Deum* e outras


pequenas pezas. En decembro dese mesmo ano emprende, co seu pai, a viaxe a Italia: este ten características triunfais: Verona, Mantua, Florencia, Roma, Nápoles, etc., foron visitadas. En Milán fáiselle unha recepción sen precedente; a poboación recibiu-no con aplausos. Ao escoitar o "*Miserere*" de Allegri, na Capela Sixtina, escribeo de memoria e o Papa Clemente XIV, ao ser



decatado desta fazaña faino comparecer ante el e como recoñecemento á súa xenialidade confírelle a dignidade de "Cabaleiro da Espuela de ouro". No mesmo ano, 1770, estreouse en Milán a súa ópera "*Mitridate*", que foi representada 20 noites consecutivas con gran éxito. O traballo ao que se someteu en Italia sería esgotador para calquera que non tivese as súas facultades: continuamente tocaba, escribía e improvisaba sobre "temas" e textos que lle proporcionaban: Mozart realizábo como quen está xogando.

Regresou a Salzburgo por breve tempo, para volver a Milán para o estreo da súa ópera "*Lucio Cadeira*" en 1772. Compón para o matrimonio do arquiduque Fernando e da princesa Beatriz de Módena, a cantata "*Ascanto in Alba*". Ao morrer o arcebispo de Salzburgo escribe, para a

recepción do sucesor, unha cantata titulada "*O chan de Escipión*". O novo sucesor, Jerónimo Colloredo, non tivo para



Mozart as compracencias que o seu predecesor, Segismundo: razón pola cal viuse obrigado a renunciar, no ano 1781. Nos anos seguintes escribe gran número de obras, entre elas a ópera "*A finta giardiniera*". Con todo, a súa situación económica era precaria e desexaba obter unha praza fixa que lle dese tranquilidade. Ofreceu os seus servizos ao elector de Munich, en condicións insuperables, pois se comprometía a escribir catro óperas por ano e a tocar todos os días por un soldo de 500 floríns; pero o elector non aceptou aducindo que aínda non tiña suficiente renome. Con igual propósito dirixiuse a Augsburgo e a Mannheim, onde atopou a mesma negativa. Decide ir a París, aínda cando o seu amor por Aloysia Weber estivo a piques de facer fracasar este propósito, lográndoo ao fin grazas á intervención do seu pai: chegou a esa cidade, acompañado da súa nai, o 3 de xullo de 1778. Pero esta vez non tivo a mesma favorable acollida, pois a atención do público estaba





aínda empeñada na loita de "gluckistas" e "piccinistas"; en cambio, recibiu un forte golpe coa morte da súa nai, o 3 de xullo de 1778, que lle causou unha penosa postrazón: cheo de amargura regresou a Salzburgo, onde se entregou ao desempeño das tarefas do seu cargo, engadindo en 1779, as de organista da corte.

A súa ópera "*Idomeneo, rei de Creta*", composta en 1780, por encargo do elector de Baviera, obtivo un gran éxito. En 1781, rompe as súas relacións co príncipe-arcebispo de Salzburgo e decide trasladarse definitivamente a Viena, onde contraeu matrimonio con Constanza Weber, irmá de Aloysia. Xuntos viviron frecuentemente perseguidos polas débedas ata a súa morte.

Por encargo do emperador compuxo en 1781 a ópera "*Un rapto no serrallo*", pero o seu estreo en Viena foi acollido con frialdade. O propio emperador díxolle a Mozart: "É demasiado fermosa para os nosos oídos, verdadeiramente encontro que hai demasiadas notas". Ao que o compositor repuxo: "Exactamente non hai máis que as necesarias". Pero fóra de Viena alcanzou moitos parabéns e aplausos: Göthe dixo dela: "Esta ópera destrúe todo o que se realizou". Recibiu


novo encargo do emperador Xosé, en 1786, para compoñer unha opereta chamada "*O Empresario*", na que Mozart deixa algunhas páxinas de alto valor. O mesmo ano compuxo "*As Vodas de Fígaro*", fermosa obra que fracasou o día do seu estreo pola malevolencia dos seus intérpretes italianos, pero que en Praga alcanzou un clamoroso éxito que converteu ao mestre no ídolo daquela cidade. Foi alí onde estreou, o 29 de outubro de 1787, a súa maxistral ópera "*Don Juan*": a obertura desta obra foi escrita nunhas cantas horas da noite do 28 ao 29 de outubro. Ese mesmo ano morreu o seu pai.

En 1790 o emperador Xosé II noméao compositor da corte, cun soldo tan escaso que non alcanzou a remediar a súa pobreza. Vén para o compositor unha etapa na que se dedica á música instrumental: as súas mellores sinfonías prodúcense neste tempo. Efectúa algunhas viaxes, recibindo en Berlín tentadoras ofertas que rexeita cun sentimento de lealdade e de agarimo para o seu emperador.

As súas últimas óperas foron "*Cossi fan tutti*" (1790), e "*A frauta máxica*" (1791).

Cara a 1789 sentiu os primeiros

síntomas do mal que o levou á tumba. Pouco antes de terminar "*A frauta máxica*", xa



estando doente, un descoñecido presentouse a encargarlle unha Misa de Réquiem: "Non me podo desprender da imaxe do descoñecido, dicía Mozart; véxoo por todas partes e rógame impaciente que realice o traballo". Dedicouse a esta composición. O Réquiem foi a súa última composición ( inacabada pola morte de Mozart ) e que terminou o seu discípulo Süßmayr. Morreu á unha da mañá do día 5 de decembro de 1791. O seu enterro efectuouse o día 6. Unha furiosa tempestade dispersou ao cortexo fúnebre. Varios anos máis tarde levantouse un monumento no lugar que se supón descansan os restos do inmortal mestre.

A herdanza de Mozart á Humanidade é gloriosa: 46 sinfonías, 20 misas, 178 sonatas para piano, 27 concertos para piano, 6 para violín, 23 óperas, outras 60 composicións orquestrais e numerosas obras máis.

Mozart compuxo catro tipos de obras ao longo da súa vida:

- Música de cámara.
- Sinfonías.
- Óperas.
- Música sacra.



### **Cronoloxía de Mozart.**

1772: Mozart ascende a mestre de capela con salario. Intenta escapar ás estrictas regras de Salzburgo coas viaxes. Cinco anos despois, renuncia ao posto.

1778: Tras buscar sen éxito emprego en München, Augsburgo e Mannheim, Mozart viaxa coa súa nai a París. Non atopa emprego e a súa nai morre. En 1779 convértese en organista da corte en Salzburgo.

1781: Trasládase como artista independente a Viena. Por encargo do emperador José II compón "*Rapto no Serrallo*".

1782: Mozart cácase con Constanze Weber na Catedral de San Esteban de Viena. Nos anos seguintes, trae seis nenos ao mundo. Catro deles morren pouco despois do nacemento.

1784: Únese á loxia masónica "*Zur Wohltaetigkeit*".

1785: Aparecen os cuartetos de cordas. Están dedicados ao seu amigo Joseph Haydn.

1786: Estréase "*As vodas de Fígaro*" en Viena.

1787: Mozart é nomeado compositor imperial. Estréase "*Don Giovanni*" en Praga.

1788: Mozart escribe en dez semanas tres grandes sinfonías.

1791: Estréase en Viena "*A fruta máxica*". O 5 de decembro, Mozart morre no medio dunha febre. É enterrado no cemiterio de St. Marx nos arredores de Viena. A causa exacta da súa morte nunca se determina.

Mozart foi enterrado nunha fosa común, sen que ao seu enterro acudise ninguén.



Ana, Sara, Yeray, Rei e Jenni. 6º

## INFORMACIÓN DO COLEXIO

Desde o día 11 ó 19 de maio vaise celebrar no noso colexio a XIX Semana Cultural e Letras Galegas 2006, que está organizada polo Claustro de Profesores, A.N.P.A. e Equipo de Normalización Lingüística do C.E.I.P. de Beluso. Haberá outras actividades que se desenvolverán fóra destas datas.



Tamén se está a elaborar un conto entre tódolos alumnos do colexio, desde Educación Infantil ata 6º de Primaria, con murais ilustrados que se van expoñendo na entrada do colexio. Por estar aínda sen rematar non o publicamos neste FIADEIRO, pero sairá no próximo.

As actividades que temos pensado realizar nestes días son as seguintes:

### XOVES, 11

- Charla sobre a **HISTORIA DO COIRO**
- **OBRADOIRO DE COIRO**
- Charla-Coloquio sobre “**MOZART**”
- Proxección da película “**AMADEUS**”.

### VENRES, 12

- **OBRADOIRO DE COIRO (Continuación).**
- **OBRADOIRO DE PINTURA.**

### DOMINGO, 14

- **DÍA DA BICICLETA.**

### LUNS, 15

- Charla-Coloquio “**LENDAS DE BUEU**”

### MARTES, 16

- **III OLIMPIADA ESCOLAR BELUSO 2006.**

### XOVES, 18

- Obradoiro de “**GLOBOFLEXIA**”.
- **COMPETICIÓN INTERESCOLAR DE FÚTBOL SALA.**
- **FESTIVAL DE LETRAS GALEGAS.**

### VENRES, 19

- **EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO**

### LUNS, 22

- Participación en **CORRELINGUA** en Pontevedra cos alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria.

### MARTES, 23

- **DÍA DO CINE.**

### **XXXXXX**

Os días 9, 10, 12, 23, 24 e 26, a **POLICÍA LOCAL** de Bueu impartirá clases de **EDUCACIÓN VIAL** ós alumnos de Educación Infantil e Primaria deste Centro.

Ó longo da Semana Cultural, haberá unha exposición de “**MAQUETAS DE COCHES E MOTOS**” na biblioteca do centro.





**C.E.I.P. MONTEMOGOS  
BELUSO - BUEU**